



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
María Belén Rodríguez Tourón (vogal Intervención)
José Javier García Gago (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)
Francisco Lorenzo López (vogal: Concelleiro de Infraestruturas)
Silvia Alonso Fernández (vogal: Oficial Maior)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 02.09.2024, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Dar conta á Mesa do informe técnico para a valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor e, no seu caso, adopción dos acordos que procedan, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO, INSTALACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS DO ALUMEADO DE NADAL DO CONCELLO DE OURENSE 2024- 2025 (EXPTE. Nº 2024020609).

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se atopan nalgunha situación susceptible de xerar conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta atoparse en situación de conflito de intereses.

Seguidamente dáse conta á Mesa de que tense recibido no Servizo de Contratación oferta presentada pola empresa Creaciones Luminosas SL a través da sede electrónica o 09.08.2024 ás 14:10 horas. O Servizo de Contratación informa que non se deu conta á Mesa da existencia desa oferta na sesión de 12.08.2024 xa que se recibiu no servizo con posterioridade á esa data, concretamente o 13.08.2024 ás 13:55 horas.

A empresa manifesta no seu escrito que tras intentar toda a mañá presentar oferta a través de Vortal, “esta dá un erro imposibilitando o acceso á presentación e non hai resposta por parte do seu servizo de atención ao cliente”, polo que optou por presentar a oferta a través do rexistro xeral.

A empresa achega captura do erro na plataforma. A data de sinatura dixital que aparece na captura de pantalla é ás 13:52 horas do 09.08.2024.

A forma de presentación das proposicións está perfectamente prevista no artigo 11 do prego de cláusulas administrativas particulares e na propia plataforma Vortal, polo que a empresa ofertante sabía con antelación suficiente os requirimentos técnicos precisos, entre os que estaba dispor dun computador cun navegador compatible coa ferramenta e coa última versión do aplicativo java (I.E.), o cal deberá estar executable no equipo local, así como tamén ter o certificado electrónico de firma instalado no respectivo computador/navegador.





O propio prego aconsella anticipar as accións de creación e envío da oferta, a fin de que a empresa prestadora do servizo da plataforma de licitación poda resolver calquera dúbida xurdida durante o proceso. *“Esta empresa dispón dun servizo de atención ao cliente para estas cuestións dispoñible de 8h a 18h (horario de España peninsular) a través da plataforma (VortalAssistant), do Teléf. 917896557 ou o correo electrónico info@vortal.es.”*

É responsabilidade exclusiva do licitador, se experimenta algunha dificultade á hora de preparar e presentar a súa oferta, contactar coa compañía provedora do servizo durante o prazo de presentación de ofertas, para garantir que efectivamente se realizan todos os pasos necesarios, resólvense as posibles dúbidas de utilización que estean a dificultar a presentación da oferta, cóntase coa configuración técnica necesaria indicada, e non se trata dunha incompatibilidade de software”.

Dita forma e prazo de presentación non son requisitos meramente formais cuxo cumprimento poida relaxarse, senón garantía de transparencia para todos os participantes que de antemán saben a data final de presentación de proposicións e o resultado á finalización do prazo, non correspondendo ao órgano de contratación valorar as razóns polas que o licitador non presentou a tempo a súa oferta asumindo o recorrente baixo a súa exclusiva responsabilidade as consecuencias que deriven da decisión de deixar a presentación da súa oferta para o último día do prazo.

Sobre esta cuestión tense pronunciado de forma reiterada o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Resolución nº 560/2017, de 8 de xuño, e nº 595/2018, de 21 de xuño de 2018), no senso de que unha oferta presentada fóra de prazo ha de ser inadmitida pola Administración, a menos que o interesado acredite de forma indubidada que a extemporaneidade da presentación respondeu a causas que non lle son de ningún xeito imputables a el, senón á propia Administración que redactou os pregos.

No caso que nos ocupa a incidencia produciuse ás 13:52, é dicir, a só 9 minutos de que expirase o prazo de presentación de ofertas, sen que haxa constancia de que se teña producido ningún tipo de incidencia na plataforma. De feito o outro licitador presentou a súa oferta ese día ás 10:31 horas.

Por outra banda, Creaciones Luminosas SL ao presentar a oferta a través da sede electrónica vulnera de forma radical o disposto no artigo 139 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), en particular, o parágrafo 2º, no que se dispón que as proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter até o momento da apertura das proposicións. Neste caso, a forma de presentación permite acceder dende o primeiro momento á totalidade do contido da oferta, de forma que si se aceptase a participación do licitador quedaría comprometida a obxectividade na avaliación das ofertas.

A Mesa de contratación acorda por unanimidade:

Inadmitir a oferta de Creaciones Luminosas SL por terse presentado fóra do prazo límite de presentación de ofertas, sen que acredite que sexa por causa imputable á Administración debida a un mal funcionamento da plataforma de licitación Vortal, e por vulnerar o disposto no artigo 139.2 da LCSP.

Seguidamente dáse conta do informe emitido polo Xefe do Servizo de Cultura, Participación Cidadá e Xuventude, a requirimento da mesa, adoptado na sesión de 12/08/2024, para a avaliación da ofertas técnica de Iluminaciones Ximénez SAU, única oferta admitida no procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, para a contratación da subministración,





instalación en réxime de aluguer de elementos decorativos do alumeadado de Nadal do Concello de Ourense 2024-2025 (expediente núm. 2024020609).

A mesa acepta, co voto particular da Vice-interventora municipal, a avaliación da oferta técnica de Iluminacións Ximénez SA proposta no informe técnico, que se publicará conxuntamente coa acta a efectos de motivación, e acorda por unanimidade atribuír, polas razóns que se expresan no propio informe, a seguinte valoración:

B1. CUALIDADES FÍSICAS E ESTÉTICAS (ata 40 puntos)

1.- CUALIDADES ESTÉTICAS (ata 20 puntos):

- Proposta para as farolas: 7 puntos
- Proposta para os arcos: 5 puntos
- Proposta para a rúa do Paseo: 4 puntos
- Proposta para a Praza Maior e Casa consistorial: 1,5 puntos
- Proposta para a árbore de Nadal: 3 puntos

2.- CONTINUIDADE (ata 20 puntos) : 5 puntos

TOTAL PUNTUACIÓN CALIDADES ESTÉTICAS E FÍSICAS: 25,5 puntos

B2. PROXECTO (ata 10 puntos)

- Mellor calidade das solucións propostas: 2 puntos
- Menor afección ao tráfico rodado: 0 puntos
- Mellor cualificación e maior cantidade dos medios humanos: 2 puntos
- Maior calidade e cantidade dos medios materiais propostos: 2 puntos
- Menor duración dos procesos de montaxe e desmonta: 2 puntos

TOTAL PUNTUACIÓN PROXECTO: 8 puntos

TOTAL PUNTUACIÓN ILUMINACIONES XIMÉNEZ SA: 33,5 PUNTOS

Voto particular da Vice-interventora:

O PCAP introduce criterios de valoración non avaliábel obxectivamente coma a orixinalidade, o impacto visual, a adecuación a cidade, a continuidade e coherencia no deseño, sen que se determine no citado prego o que se entende por tales conceptos. O grado de indefinición dos criterios é agora trasladado ao informe emitido polo técnico que emite o informe con CSV: 25YCFLBTRLZO9DUN. Así queda acreditado na reiteración da falta de orixinalidade na fachada do concello - Praza maior e na rúa do Paseo, sen que exista relación na diminución da puntuación en ambos casos. Ao entender pola que emite o voto particular, esta falta de orixinalidade pode apreciarse tamén comparando o proxecto da empresa Iluminacións Ximenez S.A, adxudicataria do contrato no ano 2023, co proxecto que se valora este ano 2024 da mesma empresa, así os arcos propostos son coincidentes pero dáselles distinta ubicación, circunstancia da que se debe deixar constancia.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: contratacion@ourense.es

das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:SBQWJJSRBJK2ALRR